

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

22529 *REAL DECRETO 1576/2006, do 22 de decembro, polo cal se modifican, en materia de pagamentos á conta, o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo; o Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo cal se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa de América na cidade de Valencia; o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo. («BOE» 306, do 23-12-2006.)*

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, introduce importantes modificacións nestes impostos que teñen incidencia no ámbito dos seus pagamentos á conta. Por unha parte, no imposto sobre a renda das persoas físicas establece un novo esquema de liquidación, consecuencia da introdución dun tramo a tipo cero para permitir que calquera contribuínte obteña idéntico tratamento fiscal por unha mesma circunstancia persoal e familiar con independencia do seu nivel de renda. Ao mesmo tempo rebáixouse a tarifa do imposto e efectuáronse importantes elevacións nos importes que configuran o limiar de tributación e, polo tanto, de retención, en concreto, na redución por obtención de rendementos do traballo e nas contías do mínimo persoal e familiar. Por outra parte, establecéronse novos supostos de retención ou ingreso á conta, como é o caso dos rendementos de determinadas actividades económicas que determinan o seu rendimento neto de acordo co método de estimación obxectiva ou o das ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos. Por último, o novo tratamento das rendas do aforro supuxo o establecemento de novos tipos de retención aplicables non só no imposto sobre a renda das persoas físicas, senón tamén no imposto sobre sociedades e no imposto sobre a renda de non-residentes.

En consecuencia, o Goberno considera oportuno adiantar a aprobación deste real decreto con anterioridade á do novo Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, coa finalidade de que os obrigados a practicar retencións e ingresos á conta poidan coñecer coa suficiente antelación a nova normativa que, en materia de pagamentos á conta, resultará aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2007, proporcionando así a seguranza e información necesarias para o correcto cumprimento das súas obrigas como retedores.

Deste xeito, modifícanse o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo cal se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa de América na cidade de Valencia, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, coa finalidade de adaptar estas normas ás modificacións

producidas en materia de pagamentos á conta como consecuencia da aprobación da citada lei.

Este real decreto estrutúrase en tres capítulos, catro artigos, tres disposicións transitorias e unha final. O capítulo I regula as modificacións introducidas no imposto sobre a renda das persoas físicas e desenvólvese en dous artigos, o primeiro modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e o segundo o citado Real decreto 2146/2004. O capítulo II comprende un único artigo que modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades. Por último, o capítulo III, integrado tamén por un único artigo, regula as modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes.

Con carácter previo á exposición dos principais cambios efectuados no imposto sobre a renda das persoas físicas debe indicarse que se considerou oportuna a simple adaptación do actual regulamento do imposto ao contido da nova lei, facilitando así a súa análise e comprensión polos contribuíntes. Deste xeito, queda debidamente actualizada aquela parte do regulamento en que se regulan os pagamentos á conta e que constitúe o marco xurídico que deben ter en conta os contribuíntes nesta materia a partir do 1 de xaneiro de 2007 e ata a aprobación do novo regulamento do imposto.

As modificacións máis importantes efectuadas neste imposto en materia de pagamentos á conta refírense ao ámbito das rendas do traballo e de actividades económicas.

En relación cos rendementos do traballo mantense o sistema actual de determinación do tipo de retención. Desta forma, consérvase, xunto cos tipos fixos de retención para determinados rendementos, o procedemento xeral de determinación do tipo de retención. Non obstante, tal e como se indicou anteriormente, a importante elevación da redución por obtención de rendementos do traballo e do mínimo persoal e familiar, supuxo un importante incremento dos límites de retención, é dicir, do importe a partir do cal existirá obriga de reter. Asemade, esta elevación obrigou a revisar o límite máximo de retención existente para aqueles contribuíntes cuxa contía total de retribucións sexa inferior a 22.000 euros, coa finalidade de evitar erros de salto.

Ademais, o citado procedemento xeral debe ser modificado como consecuencia do novo esquema de liquidación do imposto, no cal o mínimo persoal e familiar configura un tramo a tipo cero na escala do imposto. Desta maneira, será necesario calcular dúas magnitudes para determinar o tipo de retención; por unha parte, a base, similar á actual, aínda que incorpora aos novos instrumentos de previsión social os denominados plans de previsión social empresarial, e, por outra, o mínimo persoal e familiar para efectos de retención. A ambas as magnitudes aplicaráselles a escala de retención, de forma idéntica ao sistema configurado no imposto para calcular a cota íntegra, tendo en conta, se for o caso, a satisfacción por decisión xudicial de anualidades por alimentos a favor dos fillos.

A citada escala de retención obtense, como foi tradicional no imposto desde a súa configuración como tributo parcialmente cedido ás comunidades autónomas, por agregación das dúas escalas, estatal e complementaria, que figuran na Lei do imposto, logrando o maior axuste posible entre a cota líquida que podería derivar dunha autoliquidación ante a Administración tributaria en calquera parte do territorio de aplicación do imposto e o importe das retencións e ingresos á conta soportados por estes contribuíntes, respectando, en consecuencia, o mandato legalmente establecido.

Por último, integráronse nun único artigo os procedementos especiais existentes neste ámbito, é dicir, o aplicable para calcular o tipo de retención para os perceptores de prestacións pasivas e o que determina o procedemento de retención nos casos de cambio de residencia.

En relación cos rendementos de actividades económicas, desenvólvese a previsión legal da nova obriga de reter en relación con determinadas actividades económicas exercidas por contribuíntes que determinan o seu rendimento neto de acordo co método de estimación obxectiva. Esta retención é consecuencia da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, e persegue basicamente unha función de control daquelas operacións que efectúen os empresarios que determinan os rendementos da súa actividade polo método de estimación obxectiva a outros empresarios, polo cal o tipo de retención se fixa no 1 por cento.

As actividades económicas suxeitas a esta nova retención son aquelas en que máis frecuentemente se desenvolven operacións entre empresarios, que se identifican, como é usual no método de estimación obxectiva, por referencia ao grupo ou epígrafe da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas. Trátase dalgunha das incluídas nas divisións 3 e 4 (carpintaría metálica e actividades de fabricación de artigos de ferraxaría, de pezas de carpintaría, de mobles ou de pezas de roupa,...), 5 (actividades vinculadas coa construción) e 7, no relativo ao transporte de mercadorías, excluindo o de viaxeiros (xa sexa colectivo ou en autotaxis).

Deste xeito, en relación coas ditas actividades, existirá obriga de reter salvo que o empresario que a exerce lle comunique ao pagador dos rendementos que determina o rendimento da súa actividade consonte o método de estimación directa. Igualmente, se posteriormente volve determinar o rendimento neto consonte o método de estimación obxectiva, deberalle comunicar ao pagador tal circunstancia para que, en consecuencia, volva practicar retencións ou ingresos á conta.

Débase advertir que esta retención ou ingreso á conta se poderá deducir no cálculo dos pagamentos fraccionados correspondentes ao dito período impositivo.

Por outra banda, incorpóranse as novas porcentaxes de retención previstas na Lei do imposto, é dicir, do 18 por cento para os rendementos do capital mobiliario, as ganancias patrimoniais, incluíndo o novo suposto das derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos, así como para outras rendas, en particular, o arrendamento e subarrendamento de bens inmoables urbanos, e do 24 por cento para os rendementos procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe. Así mesmo, algúns preceptos resultan modificados, exclusivamente, pola necesidade de axustar a numeración dos artigos aos cales se refiren á que lles corresponde na nova lei.

Por último, adáptase o citado Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, ao novo esquema de liquidación do imposto, de xeito que a redución especial prevista nesta norma se siga aplicando con anterioridade á redución por obtención de rendementos do traballo.

Canto ao imposto sobre sociedades, modifícanse as referencias normativas contidas en materia de retencións e ingresos á conta na Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, ao tempo que se incorporan as novas porcentaxes de retención modificadas por esta última, do 18 por cento, con carácter xeral, e do 24 por cento para o caso de rendas derivadas da cesión do dereito á explotación da imaxe.

Canto ao imposto sobre a renda de non-residentes, á marxe dunha revisión das remisións normativas, incorpórase o novo tipo de retención do 3 por cento previsto para o suposto de transmisión de bens inmoables situados en territorio español propiedade de contribuíntes deste imposto que tributan sen mediación de establecemento permanente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 22 de decembro de 2006,

DISPÕO :

CAPÍTULO I

Imposto sobre a renda das persoas físicas

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas:

Un. O artigo 73 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 73. *Rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.*

1. Estarán suxeitas a retención ou ingreso á conta as seguintes rendas:

- Os rendementos do traballo.
- Os rendementos do capital mobiliario.
- Os rendementos das seguintes actividades económicas:

Os rendementos de actividades profesionais.

Os rendementos de actividades agrícolas e gandeiras.

Os rendementos de actividades forestais.

Os rendementos das actividades empresariais previstas no artigo 93.6.2.º deste regulamento que determinen o seu rendimento neto polo método de estimación obxectiva.

d) As ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións e participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo, así como as derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos.

2. Tamén estarán suxeitas a retención ou ingreso á conta as seguintes rendas, independentemente da súa cualificación:

a) Os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmoables urbanos.

Para estes efectos, as referencias ao arrendamento entenderanse realizadas tamén ao subarrendamento.

b) Os rendementos procedentes da propiedade intelectual, industrial, da prestación de asistencia técnica, do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas, do subarrendamento sobre os bens anteriores e os procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe.

c) Os premios que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos.

3. Non existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta sobre as rendas seguintes:

a) As rendas exentas, con excepción da establecida na letra y) do artigo 7 da Lei do imposto, e as axudas de custo e gastos de viaxe exceptuados de gravame.

b) Os rendementos dos valores emitidos polo Banco de España que constitúan instrumento regulador de intervención no mercado monetario e os rendementos das Letras do Tesouro.

Non obstante, as entidades de crédito e demais institucións financeiras que formalicen cos seus clientes contratos de contas baseadas en operacións sobre Letras do Tesouro, estarán obrigadas a reter respecto dos rendementos obtidos polos titulares das citadas contas.

c) As primas de conversión de obrigas en accións.

d) Os rendementos de contas no exterior satisfeitos ou aboados por establecementos permanentes no estranxeiro de entidades de crédito e establecementos financeiros residentes en España.

e) Os rendementos derivados da transmisión ou reembolso de activos financeiros con rendemento explícito, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

1.º Que estean representados mediante anotacións en conta.

2.º Que se negocien nun mercado secundario oficial de valores español.

As entidades financeiras que interveñan na transmisión, amortización ou reembolso de tales activos financeiros estarán obrigadas a calcular o rendemento imputable ao titular do valor e informar disto tanto o titular como a Administración tributaria, á cal, así mesmo, lle proporcionarán os datos correspondentes ás persoas que interveñan nas operacións antes enumeradas.

Facúltase o ministro de Economía e Facenda para establecer o procedemento para facer efectiva a exclusión de retención regulada neste parágrafo.

Non obstante o sinalado nesta alínea e), as entidades de crédito e demais institucións financeiras que formalicen cos seus clientes contratos de contas baseadas en operacións sobre os valores anteriores, estarán obrigadas a reter respecto dos rendementos obtidos polos titulares das citadas contas.

Igualmente, quedará suxeita a retención a parte do prezo que equivalla ao cupón corrido nas transmisións de activos financeiros efectuadas dentro dos trinta días inmediatamente anteriores ao vencemento do cupón, cando se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que o adquirente sexa unha persoa ou entidade non-residente en territorio español ou sexa suxeito pasivo do imposto sobre sociedades.

2.º Que os rendementos explícitos derivados dos valores transmitidos estean exceptuados da obriga de reter en relación co adquirente.

f) Os premios que se entreguen como consecuencia de xogos organizados ao abeiro do previsto no Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo cal se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas, así como aqueles cuxa base de retención non sexa superior a 300 euros.

g) Os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos nos seguintes supostos:

1.º Cando se trate de arrendamento de vivenda por empresas para os seus empregados.

2.º Cando as rendas satisfeitas polo arrendatario a un mesmo arrendador non superen os 900 euros anuais.

3.º Cando a actividade do arrendador estea clasificada nalgunha das epígrafes do grupo 861 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, ou nalgunha outra epígrafe que faculte para a actividade

de arrendamento ou subarrendamento de bens inmobles urbanos, e cando, aplicando ao valor catastral dos inmobles destinados ao arrendamento ou subarrendamento, as regras para determinar a cota establecida nas epígrafes do citado grupo 861, non resulte cota cero.

Para estes efectos, o arrendador deberá acreditar fronte ao arrendatario o cumprimento do citado requisito, nos termos que estableza o ministro de Economía e Facenda.

h) Os rendementos procedentes da devolución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital con devolución de achegas, salvo que procedan de beneficios non distribuídos, de acordo co previsto no segundo parágrafo do artigo 33.3.a) da Lei do imposto.

i) As ganancias patrimoniais derivadas do reembolso ou transmisión de participacións ou accións en institucións de investimento colectivo, cando, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei do imposto, non proceda o seu cómputo, así como as derivadas do reembolso ou transmisión de participacións nos fondos regulados polo artigo 49 do regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.»

Dous. O punto 2 do artigo 74 queda redactado do seguinte xeito:

«2. En particular:

a) Están obrigados a reter as entidades residentes ou os establecementos permanentes en que presten servizos os contribuíntes cando lles sexan satisfeitos a estes rendementos do traballo por outra entidade residente ou non residente, vinculada con aquelas nos termos previstos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, ou polo titular no estranxeiro do establecemento permanente radicado en territorio español.

b) Nas operacións sobre activos financeiros estarán obrigados a reter:

1.º Nos rendementos obtidos na amortización ou reembolso de activos financeiros, a persoa ou entidade emisora. Non obstante, en caso de que se lle encomende a unha entidade financeira a materialización desas operacións, o obrigado a reter será a entidade financeira encargada da operación.

Cando se trate de instrumentos de xiro convertidos despois da súa emisión en activos financeiros, ao seu vencemento estará obrigado a reter o fedatario público ou institución financeira que interveña na súa presentación ao cobramento.

2.º Nos rendementos obtidos na transmisión de activos financeiros, incluídos os instrumentos de xiro a que se refire o parágrafo anterior, cando se canalice a través dunha ou varias institucións financeiras, o banco, caixa ou entidade financeira que actúe por conta do transmitente.

Para os efectos do disposto neste punto, entenderase que actúa por conta do transmitente o banco, caixa ou entidade financeira que reciba daquel a orde de venda dos activos financeiros.

3.º Nos casos non recollidos nas epígrafes anteriores, o fedatario público que obrigatoriamente debe intervir na operación.

c) Nas transmisións de valores da Débeda do Estado deberá practicar a retención a entidade xestora do Mercado de Débeda Pública en Anotacións que interveña na transmisión.

d) Nas transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio das institucións de investimento colectivo, deberán practicar retención ou ingreso á conta as seguintes persoas ou entidades:

1.º No caso de reembolso das participacións de fondos de investimento, as sociedades xestoras.

2.º No caso de recompra de accións por unha sociedade de investimento de capital variable cuxas accións non coticen en bolsa nin noutro mercado ou sistema organizado de negociación de valores, adquiridas polo contribuínte directamente ou a través de comercializador á sociedade, a propia sociedade, salvo que interveña unha sociedade xestora; neste caso, será esta.

3.º No caso de institucións de investimento colectivo domiciliadas no estranxeiro, as entidades comercializadoras ou os intermediarios facultados para a comercialización das accións ou participacións daquelas e, subsidiariamente, a entidade ou entidades encargadas da colocación ou distribución dos valores entre os potenciais subscritores, cando efectúen o reembolso.

4.º No caso de xestoras que operen en réxime de libre prestación de servizos, o representante designado de acordo co disposto no artigo 55.7 e na disposición adicional segunda da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

5.º Nos supostos en que non proceda a práctica de retención conforme os parágrafos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou participe que efectúe a transmisión ou obteña o reembolso. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 94, 95 e 96 deste regulamento.

e) Nas operacións realizadas en España por entidades aseguradoras que operen en réxime de libre prestación de servizos, estará obrigado a practicar retención ou ingreso á conta o representante designado de acordo co disposto no artigo 86.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

f) Nas operacións realizadas en España por fondos de pensións domiciliados noutro Estado membro da Unión Europea que desenvolven plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española, conforme o previsto na Directiva 2003/41/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, estará obrigado a practicar retención ou ingreso á conta o representante que designasen conforme o parágrafo cuarto do artigo 99.2 da Lei do imposto.»

Tres. O artigo 78 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 78. *Importe das retencións sobre rendementos do traballo.*

1. A retención que se practicará sobre os rendementos do traballo será o resultado de aplicarlle á contía total das retribucións que se satisfagan ou aboem o tipo de retención que lle corresponda dos seguintes:

1.º Con carácter xeral, o tipo de retención que resulte segundo o artigo 84 deste regulamento.

2.º O determinado conforme o procedemento especial aplicable a perceptores de prestacións pasivas regulado no artigo 87 deste regulamento.

3.º O 35 por cento para as retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de Administración, das xuntas

que fagan a súa vez e demais membros doutros órganos representativos.

4.º O 15 por cento para os rendementos derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.

2. O tipo de retención resultante dos anteriores dividírase por dous cando se trate de rendementos de traballo obtidos en Ceuta e Melilla que se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Catro. O punto 1 do artigo 79 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Non se practicará retención sobre os rendementos do traballo cuxa contía, determinada segundo o previsto no artigo 81.2 deste regulamento, non supere o importe anual establecido no cadro seguinte en función do número de fillos e outros descendentes e da situación do contribuínte:

Situación do contribuínte	N.º de fillos e outros descendentes		
	0	1	2 ou máis
1.ª Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente.	–	12.775 euros	14.525 euros
2.ª Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas.	12.340 euros	13.765 euros	15.860 euros
3.ª Outras situacións.	9.650 euros	10.365 euros	11.155 euros

Para os efectos da aplicación do previsto no cadro anterior, enténdese por fillos e outros descendentes aqueles que dan dereito ao mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto.

Canto á situación do contribuínte, esta poderá ser unha das tres seguintes:

1.ª Contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente. Trátase do contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente con descendentes, cando teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei do imposto para unidades familiares monoparentais.

2.ª Contribuínte cuxo cónxuxe non obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas. Trátase do contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe non obteña rendas anuais superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

3.ª Outras situacións, que inclúe as seguintes:

a) O contribuínte casado, e non separado legalmente, cuxo cónxuxe obteña rendas superiores a 1.500 euros, excluídas as exentas.

b) O contribuínte solteiro, viúvo, divorciado ou separado legalmente, sen descendentes ou con descendentes ao seu cargo, cando, neste último caso, non teña dereito á redución establecida no artigo 84.2.4.º da Lei do imposto por darse a circunstancia de convivencia a que se refire o parágrafo segundo do dito punto.

c) Os contribuíntes que non manifesten estar en ningunha das situacións 1.ª e 2.ª anteriores.»

Cinco. O artigo 80 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 80. *Procedemento xeral para determinar o importe da retención.*

Para calcular as retencións sobre rendementos do traballo, a que se refire o artigo 78.1.1.º deste regulamento, practícaranse, sucesivamente, as seguintes operacións:

1.^a Determinarase, de acordo co previsto no artigo 81 deste regulamento, a base para calcular o tipo de retención.

2.^a Determinarase, de acordo co previsto no artigo 82 deste regulamento, o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.

3.^a Determinarase, de acordo co previsto no artigo 83 deste regulamento, a cota de retención.

4.^a Determinarase o tipo de retención na forma prevista no artigo 84 deste regulamento.

5.^a O importe da retención será o resultado de aplicar o tipo de retención á contía total das retribucións que se satisfagan ou aboan, excluídos os atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores e tendo en conta as regularizacións que procedan de acordo co artigo 85 deste regulamento. Aos atrasos anteriormente citados aplicaráselles o tipo fixo do 15 por cento.»

Seis. O artigo 81 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 81. *Base para calcular o tipo de retención.*

1. A base para calcular o tipo de retención será o resultado de minorar a contía total das retribucións do traballo, determinada segundo o disposto no parágrafo seguinte, nos conceptos previstos no número 3 deste artigo.

2. A contía total das retribucións do traballo calcularase de acordo coas seguintes regras:

1.^a Regra xeral: con carácter xeral, tomarase a suma das retribucións, en diñeiro ou en especie, que, de acordo coas normas ou estipulacións contractuais aplicables e demais circunstancias previsibles, vaia normalmente percibir o contribuínte no ano natural, a excepción das contribucións empresariais aos plans de pensións, aos plans de previsión social empresarial e ás mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible do contribuínte, así como dos atrasos que corresponda imputar a exercicios anteriores. Para estes efectos, as retribucións en especie computaranse polo seu valor determinado consonte o que establece o artigo 43 da Lei do imposto, sen incluír o importe do ingreso á conta.

A suma das retribucións, calculada de acordo co parágrafo anterior, incluírá tanto as retribucións fixas como as variables previsibles. Para estes efectos, consideraranse retribucións variables previsibles, como mínimo, as obtidas no ano anterior, salvo que concorran circunstancias que permitan acreditar de maneira obxectiva un importe inferior.

2.^a Regra específica: cando se trate de traballadores manuais que perciban as súas retribucións por peonadas ou xornais diarios, consecuencia dunha relación esporádica e diaria co empregador, tomarase como contía das retribucións o resultado de multiplicar por 100 o importe da peonada ou xornal diario.

3. A contía total das retribucións de traballo, en diñeiro e en especie, calculadas de acordo co

punto anterior, minorarase nos importes seguintes:

a) Nas reducións previstas no artigo 18, números 2 e 3, e disposicións transitorias décimo primeira e décimo segunda da Lei do imposto.

b) Nas cotizacións á Seguridade Social, ás mutualidades xerais obrigatorias de funcionarios, detracións por dereitos pasivos e cotizacións a colexios de orfos ou entidades similares, a que se refiren as alíneas a), b) e c) do artigo 19.2 da Lei do imposto.

c) Nas reducións por obtención de rendementos do traballo que se regulan no artigo 20 da Lei do imposto. Para o cómputo destas reducións o pagador deberá ter en conta, exclusivamente, a contía do rendimento neto do traballo resultante das minoracións previstas nas letras a) e b) anteriores.

d) No importe que proceda, segundo as seguintes circunstancias:

Cando se trate de contribuíntes que perciban pensións e haberes pasivos do réxime de Seguridade Social e de clases pasivas ou que teñan máis de dous descendentes que dean dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 58 da Lei do imposto, 600 euros.

Cando sexan prestacións ou subsidios por desemprego, 1.200 euros.

Estas reducións son compatibles entre si.

e) Cando o perceptor de rendementos do traballo estivese obrigado a satisfacerlle por resolución xudicial unha pensión compensatoria ao seu cónxuxe, o importe desta poderá diminuír a contía resultante do disposto nos parágrafos anteriores. Para tal fin, o contribuínte deberá pór en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 86 deste regulamento, estas circunstancias, acompañando testemuño literal total ou parcial da resolución xudicial determinante da pensión.»

Sete. O artigo 82 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 82. *Mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.*

O mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención determinarase consonte o disposto no título V da Lei do imposto, aplicando as seguintes especialidades:

1.º O retedor non deberá ter en conta a circunstancia recollida no artigo 61.2.^a da Lei do imposto.

2.º Os descendentes computaranse por metade, excepto cando o contribuínte teña dereito, de forma exclusiva, á aplicación da totalidade do mínimo familiar por este concepto.»

Oito. O artigo 83 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 83. *Cota de retención.*

1. Para calcular a cota de retención practícaranse, sucesivamente, as seguintes operacións:

1.º Á base para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 81 deste regulamento aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención — Ata euros	Cota de retención — Euros	Resto base para calcular o tipo de retención — Ata euros	Tipo aplicable — Porcentaxe
0,00	0,00	17.360	24
17.360	4.166,4	15.000	28
32.360	8.366,4	20.000	37
52.360	15.766,4	En diante	43

2.º A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicarlle ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 82 deste regulamento a escala prevista no número 1.º anterior, sen que poida resultar negativa como consecuencia de tal minoración.

2. Cando o perceptor de rendementos do traballo satisfaga anualidades por alimentos en favor dos fillos por decisión xudicial, sempre que o seu importe sexa inferior á base para calcular o tipo de retención, para calcular a cota de retención practícanse, sucesivamente, as seguintes operacións:

1.º Aplicarase a escala prevista no número 1.º do parágrafo anterior separadamente ao importe das ditas anualidades e ao resto da base para calcular o tipo de retención.

2.º A contía total resultante minorarase no importe derivado de aplicarlle a escala prevista no número 1.º do parágrafo anterior ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención incrementado en 1.600 euros anuais, sen que poida resultar negativa como consecuencia de tal minoración.

Para tal fin, o contribuínte deberá pór en coñecemento do seu pagador, na forma prevista no artigo 86 deste regulamento, esta circunstancia, acompañando testemuño literal total ou parcial da resolución xudicial determinante da anualidade.

3. Cando o contribuínte obteña unha contía total de retribución, a que se refire o artigo 81.2 deste regulamento, non superior a 22.000 euros anuais, a cota de retención, calculada de acordo co previsto nos parágrafos anteriores, terá como límite máximo a menor das dúas seguintes contías:

a) O resultado de aplicarlle a porcentaxe do 43 por cento á diferenza positiva entre o importe desa contía e o que corresponda, segundo a súa situación, dos mínimos excluídos de retención previstos no artigo 79 deste regulamento.

b) Cando se produzan regularizacións, o resultado de aplicar a porcentaxe do 43 por cento sobre a contía total das retribucións que se satisfagan ata final de ano.

4. O límite do 43 por cento anterior aplicaráselle a calquera contribuínte.»

Nove. O punto 1 do artigo 84 queda redactado do seguinte xeito:

«1. O tipo de retención obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a cota de retención pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 81.2 deste regulamento. Cando a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención fose cero ou negativa, o tipo de retención será cero.

O tipo de retención, calculado conforme o establecido no parágrafo anterior, expresarase en números enteiros. Nos casos en que o tipo de retención non sexa un número enteiro, arredondarase por defecto se o primeiro decimal é inferior a cinco, e por exceso cando sexa igual ou superior a cinco.»

Dez. O artigo 85 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 85. *Regularización do tipo de retención.*

1. Procederá regularizar o tipo de retención nos supostos a que se refire o número 2 seguinte e levarase a cabo na forma prevista no número 3 e seguintes deste artigo.

2. Procederá regularizar o tipo de retención nas seguintes circunstancias:

1.º Se, ao concluír o período inicialmente previsto nun contrato ou relación, o traballador continuase a lle prestar os seus servizos ao mesmo empregador ou o volvese facer dentro do ano natural.

2.º Se, con posterioridade á suspensión do cobramento de prestacións por desemprego, se reiniciase o dereito ou se pasase a percibir o subsidio por desemprego, dentro do ano natural.

3.º Cando, en virtude de normas de carácter xeral ou da normativa sectorial aplicable, ou como consecuencia do ascenso, promoción ou descenso de categoría do traballador ou, por calquera outro motivo, se produzan durante o ano variacións na contía das retribucións ou dos gastos deducibles que se tivesen en conta para a determinación do tipo de retención que se viña aplicando ata ese momento.

4.º Se ao cumprir os sesenta e cinco anos o traballador continuase ou prolongase a súa actividade laboral.

5.º Se no curso do ano natural o pensionista comezase a percibir novas pensións ou haberes pasivos que se engadisen ao que xa viñese percibindo, ou aumentase o importe destes últimos.

6.º Cando o traballador traslade a súa residencia habitual a un novo municipio e resulte de aplicación o incremento na redución por obtención de rendementos do traballo previsto no artigo 20.2.b) da Lei do imposto, por darse un suposto de mobilidade xeográfica.

7.º Se no curso do ano natural se producise un aumento no número de descendentes ou unha variación nas súas circunstancias, sobreviñese a condición de discapacitado ou aumentase o grao de minusvalidez no perceptor de renda de traballo ou nos seus descendentes, sempre que estas circunstancias determinasen un aumento no mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.

8.º Cando por resolución xudicial o perceptor de rendementos do traballo quedase obrigado a satisfacerlle unha pensión compensatoria ao seu cónxuxe ou anualidades por alimentos en favor dos fillos, sempre que o importe destas últimas sexa inferior á base para calcular o tipo de retención.

9.º Se no curso do ano natural o cónxuxe do contribuínte obtivese rendas superiores a 1.500 euros anuais, excluídas as exentas.

10.º Cando no curso do ano natural o contribuínte cambiase a súa residencia habitual de Ceuta ou Melilla, Navarra ou os territorios históricos do País Vasco ao resto do territorio español ou do resto do territorio español ás cidades de Ceuta ou Melilla, ou cando o contribuínte adquira a súa condición por cambio de residencia.

11.º Se no curso do ano natural se producise unha variación no número ou as circunstancias dos ascendentes que dese lugar a unha variación no mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención.

3. A regularización do tipo de retención levarase a cabo do seguinte xeito:

a) Procederase a calcular un novo importe da retención, de acordo co procedemento establecido no artigo 80 deste regulamento, tendo en conta as circunstancias que motivan a regularización.

b) Este novo importe da retención minorarase na contía das retencións e ingresos á conta practícados ata ese momento. No suposto de contribuíntes que adquiran a súa condición por cambio de residencia, do novo importe da retención minorarase as retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda de non-residentes practícadadas durante o

período impositivo en que se produza o cambio de residencia, así como as cotas satisfeitas por este imposto xeradas durante o período impositivo en que se produza o cambio de residencia.

c) O novo tipo de retención obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza resultante do parágrafo anterior entre a contía total das retribucións a que se refire o artigo 81.2 deste regulamento que resten ata o final do ano e expresarse en números enteiros, arredondando ao máis próximo. Cando a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención fose cero ou negativa, o tipo de retención será cero.

Neste caso non procederá restitución das retencións anteriormente practicadas, sen prexuízo de que o perceptor solicite posteriormente, cando proceda, a devolución de acordo co previsto na Lei do imposto.

O disposto neste parágrafo entenderase sen prexuízo dos mínimos de retención previstos no artigo 84.2 deste regulamento.

4. Os novos tipos de retención aplicaranse a partir da data en que se produzan as variacións a que se refiren os números 1.º, 2.º, 3.º, 4.º e 5.º do punto 2 deste artigo e a partir do momento en que o perceptor dos rendementos do traballo lle comunique ao pagador as variacións a que se refiren os números 6.º, 7.º, 8.º, 9.º, 10.º e 11.º do dito punto, sempre e cando tales comunicacións se produzan con, polo menos, cinco días de antelación á confección das correspondentes nóminas, sen prexuízo das responsabilidades en que o perceptor puidese incorrer cando a falta de comunicación das ditas circunstancias determine a aplicación dun tipo inferior ao que corresponda, nos termos previstos no artigo 107 da Lei do imposto.

A regularización a que se refire este artigo poderase realizar, á opción do pagador, a partir do día 1 dos meses de abril, xullo e outubro, respecto das variacións que, respectivamente, se producisen nos trimestres inmediatamente anteriores a estas datas.

5. O tipo de retención, calculado de acordo co procedemento previsto no artigo 80 deste regulamento, non se poderá incrementar cando se efectúen regularizacións por circunstancias que determinen unha diminución da diferenza positiva entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención, ou por quedar obrigado o perceptor por resolución xudicial a satisfacer anualidades por alimentos en favor dos fillos e resulte aplicable o previsto no punto 2 do artigo 83 deste regulamento.

Así mesmo, nos supostos de regularización por circunstancias que determinen un aumento da diferenza positiva entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención previa á regularización, o novo tipo de retención aplicable non poderá determinar un incremento do importe das retencións superior á variación producida na dita magnitude.»

Once. O número 2 do artigo 86 queda redactado do seguinte xeito:

«2. A falta de comunicación ao pagador destas circunstancias persoais e familiares ou da súa variación, determinará que aquel aplique o tipo de retención correspondente sen ter en conta as ditas circunstancias, sen prexuízo das responsabilidades en que o perceptor puidese incorrer cando a falta de comunicación das ditas circunstancias determine a aplicación dun tipo inferior a aquel que corresponda, nos termos previstos no artigo 107 da Lei do imposto.»

Doce. O artigo 87 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 87. *Procedementos especiais en materia de retencións e ingresos á conta.*

A) Procedemento especial para determinar o tipo de retención aplicable a contribuíntes perceptores de prestacións pasivas:

1. Os contribuíntes cuxos únicos rendementos do traballo consistan nas prestacións pasivas a que se refire o artigo 17.2.a) da Lei do imposto, poderán solicitarlle á Administración tributaria que determine a contía total das retencións aplicables aos citados rendementos, de acordo co procedemento previsto neste artigo, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que as prestacións se perciban en forma de renda.
- b) Que o importe íntegro anual non exceda de 22.000 euros.
- c) Que procedan de máis dun pagador.
- d) Que todos os pagadores estean obrigados a practicar retención á conta.

2. A determinación do tipo de retención realízase de acordo co seguinte procedemento especial:

a) O procedemento iníciase mediante solicitude do interesado na cal se relacionarán os importes íntegros das prestacións pasivas que se percibirán ao longo do ano, así como a identificación dos pagadores. A solicitude acompañarase do modelo de comunicación ao pagador da situación persoal e familiar do perceptor a que se refire o artigo 86.1 deste regulamento.

A solicitude presentarase durante os meses de xaneiro e febreiro de cada ano e o seu contido axustarase ao modelo que se aprobe por resolución do director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, quen establecerá o lugar de presentación e as condicións en que será posible a súa presentación por medios telemáticos.

b) Á vista dos datos contidos na solicitude e na comunicación da situación persoal e familiar, a Administración tributaria determinará, tendo en conta a totalidade das prestacións pasivas e de acordo co disposto nos artigos 80, 81, 82 e 83 deste regulamento, o importe anual das retencións para practicar por cada pagador e entregaralle ao contribuínte, no prazo máximo de dez días, unha comunicación destinada a cada un dos respectivos pagadores, na cal figurará o dito importe.

O contribuínte deberalle dar traslado das citadas comunicacións a cada un dos pagadores antes do día 30 de abril, obtendo e conservando constancia do dito traslado.

No suposto de que, por incumprimento dalgún dos requisitos anteriormente establecidos, non proceda a aplicación deste procedemento, a Administración tributaria comunicarlle a dita circunstancia ao interesado, con expresión das causas que a motivan.

c) Cada un dos pagadores, á vista da comunicación recibida do contribuínte que contén o importe total das retencións anuais para practicar, e tendo en conta as prestacións xa satisfeitas e as retencións xa practicadas, deberá determinar o tipo de retención aplicable ás prestacións pendentes de satisfacer ata a fin do exercicio. O tipo de retención será o resultado de multiplicar por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza entre as retencións anuais e as retencións xa practicadas entre o importe das prestacións pendentes de satisfacer ata o final do exercicio. Este tipo de retención

expresarase en números enteiros, arredondando ao máis próximo. O pagador deberá conservar a comunicación da Administración tributaria achegada polo contribuínte.

O tipo de retención así determinado non se poderá modificar no resto do exercicio por nova solicitude do contribuínte nin tampouco no caso de que se produza algunha das circunstancias que, a teor do disposto no artigo 85 deste regulamento, determinan a regularización do tipo de retención. Non obstante, cando ao longo do período impositivo se produza un aumento das prestacións para satisfacer por un mesmo pagador, de forma que o seu importe total supere os 22.000 euros anuais, aquel calculará o tipo de retención aplicando o procedemento xeral do artigo 80 deste regulamento, practicando a correspondente regularización.

3. O procedemento a que se refiren os parágrafos anteriores ten exclusivamente vixencia anual e será irrevogable polo contribuínte para o exercicio respecto do cal se solicitase, unha vez lles trasladase aos pagadores a comunicación remitida pola Administración tributaria.

Non obstante, cada pagador, ao inicio do exercicio seguinte, aplicará provisionalmente o mesmo tipo de retención que viñese aplicando ao finalizar o exercicio inmediato anterior, salvo renuncia expresa do contribuínte perante o respectivo pagador, durante os meses de novembro e decembro.

Unha vez que o contribuínte lle traslade ao pagador, de acordo co procedemento e prazos previstos no parágrafo anterior, a comunicación da Administración tributaria que conteña o importe anual das retencións para practicar no exercicio, este procederá a calcular o novo tipo de retención conforme o sinalado na letra c) do número 2 anterior.

Se, no prazo a que se refire a alínea b) do punto 2 anterior, o contribuínte non lle trasladase ao pagador a comunicación da Administración tributaria citada no parágrafo anterior, este deberá determinar o tipo de retención que resulte aplicable á prestación por el satisfeita conforme o procedemento xeral de determinación do tipo de retención recollido no artigo 80 deste regulamento, practicando a correspondente regularización.

4. O límite excluínse da obriga de declarar de 22.000 euros anuais previsto no artigo 96.3.a), punto 2.º, da Lei do imposto, non resultará aplicable aos contribuíntes acollidos ao réxime especial regulado neste artigo cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Que ao longo do exercicio aumentase o número dos pagadores das prestacións pasivas respecto dos inicialmente comunicados polo contribuínte ao formular a súa solicitude de aplicación do réxime especial.

b) Que o importe das prestacións efectivamente satisfeitas polos pagadores difira do comunicado inicialmente polo contribuínte ao formular a súa solicitude. Para estes efectos, considerarase que o importe das prestacións satisfeitas non difire das comunicadas polo contribuínte cando a diferenza entrambas as dúas non supere a contía de 300 euros anuais.

c) Que durante o exercicio se producise algunha outra das circunstancias previstas no artigo 85 deste regulamento determinantes dun aumento do tipo de retención.

B) Procedemento especial para determinar as retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo no suposto de cambio de residencia:

1. Os traballadores por conta allea que non sexan contribuíntes por este imposto, pero que vaian adquirir esta condición como consecuencia do seu desprazamento a territorio español, poderanlle comunicar á Administración tributaria esta circunstancia, mediante o modelo de comunicación que aprobe o ministro de Economía e Facenda, quen establecerá a forma, lugar e prazo para a súa presentación, así como a documentación que deba xuntárselle.

Na citada comunicación farase constar a identificación do traballador e do pagador dos rendementos do traballo, a data de entrada en territorio español e a de comezo da prestación do traballo neste territorio para ese pagador, así como a existencia de datos obxectivos nesa relación laboral que fagan previsible que, como consecuencia dela, se produza unha permanencia no territorio español superior a cento oitenta e tres días, contados desde o comezo da prestación do traballo en territorio español, durante o ano natural en que se produce o desprazamento ou, no seu defecto, no seguinte.

2. A Administración tributaria, á vista da comunicación e documentación presentadas, expediralle ao traballador, se procede, no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes ao de presentación da comunicación, un documento acreditativo no cal conste a data a partir da cal se practicarán as retencións por este imposto.

3. O traballador entregarlle ao pagador dos rendementos de traballo un exemplar do documento expedido pola Administración tributaria, co obxecto de que este último, para os efectos da práctica de retencións, o considere contribuínte do imposto sobre a renda das persoas físicas a partir da data que se indique nel.

4. Recibido o documento, o obrigado a reter, atendendo á data indicada, practicará retencións conforme establece a normativa deste imposto, aplicando, de ser o caso, a regularización prevista no artigo 85.2.10.º deste regulamento.

5. Cando o interesado non chegue a ter a condición de contribuínte por este imposto no ano do desprazamento, na súa declaración polo imposto sobre a renda de non-residentes poderá deducir as retencións practicadas á conta deste imposto.

Así mesmo, cando resultase de aplicación o previsto no artigo 32 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, e o traballador non adquirise a condición de contribuínte polo imposto sobre a renda de non-residentes no ano do desprazamento ao estranxeiro, as retencións e ingresos á conta polo dito imposto terán a consideración de pagamentos á conta polo imposto sobre a renda das persoas físicas.»

Trece. O artigo 88 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 88. *Importe das retencións sobre rendementos do capital mobiliario.*

1. A retención que se practicará sobre os rendementos do capital mobiliario será o resultado de aplicarlle á base de retención a porcentaxe do 18 por cento.

2. Este tipo de retención dividirase por dous cando se trate de rendementos aos cales lles sexa de aplicación a dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto, procedentes de sociedades que ope-

ren efectiva e materialmente en Ceuta ou Melilla e con domicilio e obxecto social exclusivo nestas cidades.»

Catorce. O artigo 91 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 91. *Base de retención sobre os rendementos do capital mobiliario.*

1. Con carácter xeral, constituirá a base de retención sobre os rendementos do capital mobiliario a contraprestación íntegra exixible ou satisfeita. En ningún caso se terá en consideración para estes efectos a exención prevista na letra y) do artigo 7 da Lei do imposto.

2. No caso de amortización, reembolso ou transmisión de activos financeiros, constituirá a base de retención a diferenza positiva entre o valor de amortización, reembolso ou transmisión e o valor de adquisición ou subscripción dos ditos activos. Como valor de adquisición tomarase o que figure na certificación acreditativa da adquisición. Para estes efectos non se minorarán os gastos accesorios á operación.

Sen prexuízo da retención que proceda ao transmitente, no caso de que a entidade emisora adquira un activo financeiro emitido por ela, practicarase a retención e o ingreso sobre o rendimento que obteña en calquera forma de transmisión ulterior do título, excluída a amortización.

3. Cando a obriga de reter teña a súa orixe no previsto no último parágrafo do artigo 73.3.e) deste regulamento, constituirá a base de retención a parte do prezo que equivalla ao cupón corrido do valor transmitido.

4. Se aos rendementos regulados no número 4 do artigo 25 da Lei do imposto lles fose de aplicación a redución a que se refire o seu artigo 26.2, a base de retención calcularase aplicando sobre a contía íntegra de tales rendementos as reducións que resulten aplicables.

5. Nas percepcións derivadas de contratos de seguro e nas rendas vitalicias e outras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, a base de retención será a contía que se integrará na base imponible calculada de acordo coa Lei do imposto.»

Quince. O número 1 do artigo 93 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Cando os rendementos sexan contraprestación dunha actividade profesional, aplicarase o tipo de retención do 15 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.

Non obstante, no caso de contribuíntes que inicien o exercicio de actividades profesionais, o tipo de retención será do 7 por cento no período impositivo de inicio de actividades e nos dous seguintes, sempre e cando non exercesen ningunha actividade profesional no ano anterior á data de inicio das actividades.

Para a aplicación do tipo de retención previsto no parágrafo anterior, os contribuíntes deberán comunicarlle ao pagador dos rendementos a concorrencia da dita circunstancia e este queda obrigado a conservar a comunicación debidamente asinada.

O tipo de retención será do 7 por cento no caso de rendementos satisfeitos a:

- a) Recadadores municipais.
- b) Mediadores de seguros que utilicen os servizos de auxiliares externos.
- c) Delegados comerciais da entidade pública empresarial Loterías e Apostas do Estado.

Estas porcentaxes dividiranse por dous cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Dezaseis. Engádese un punto 6 ao artigo 93 que queda redactado do seguinte xeito:

«6.1.º Cando os rendementos sexan contraprestación dunha das actividades económicas previstas no número 2.º desta epígrafe e se determine o seu rendimento neto consonte o método de estimación obxectiva, aplicarase o tipo de retención do 1 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.

2.º O disposto neste punto resultará de aplicación respecto das actividades económicas clasificadas nos seguintes grupos e epígrafes da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas:

IAE	Actividade económica
314 e 315 316.2, 3, 4 e 9	Carpintaría metálica e fabricación de estruturas metálicas e caldeiraría. Fabricación de artigos de ferraxaría, cerralaría, parafusaría, derivados do arame, enxoval e outros artigos en metais NCOP.
453	Confección en serie de pezas de vestir e os seus complementos, excepto cando a súa execución se efectúe maioritariamente por encarga a terceiros.
453	Confección en serie de prendas de vestir e os seus complementos executada directamente pola propia empresa, cando se realice exclusivamente para terceiros e por encarga.
463	Fabricación en serie de pezas de carpintaría, parqué e estruturas de madeira para a construción.
468	Industria do moble de madeira.
474.1	Impresión de textos ou imaxes.
501.3	Albanelaría e pequenos traballos de construción en xeral.
504.1	Instalacións e montaxes (excepto fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire).
504.2 y 3	Instalacións de fontanaría, frío, calor e acondicionamento de aire.
504.4, 5, 6, 7 e 8	Instalación de pararraios e similares. Montaxe e instalación de cociñas de todo tipo e clase, con todos os seus accesorios. Montaxe e instalación de aparellos elevadores de calquera clase e tipo. Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase. Montaxes metálicas e instalacións industriais completas, sen vender nin achegar a maquinaria nin os elementos obxecto de instalación ou montaxe.
505.1, 2, 3 e 4	Revestimentos, solados e pavimentos e colocación de illamentos.
505.5	Carpintaría e cerralaría.
505.6	Pintura de calquera tipo e clase e revestimentos con papel, tecido ou plásticos e remate e decoración de edificios e locais.
505.7	Traballos en xeso e escaiola e decoración de edificios e locais.
722	Transporte de mercadorías por estrada.
757	Servizos de mudanzas.

3.º Non procederá a práctica da retención prevista neste punto cando, de acordo co disposto no número 10 do artigo 99 da Lei do imposto, o contribuínte que exerza a actividade económica lle comunique ao pagador que determina o seu rendemento neto consonte o método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

Nestas comunicacións faranse constar os seguintes datos:

a) Nome, apelidos, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do comunicante. No caso de que a actividade económica se desenvolva a través dunha entidade en réxime de atribución de renda, deberá comunicar, ademais, a razón social ou denominación e o número de identificación fiscal da entidade, así como a súa condición de representante dela.

b) Actividade económica que desenvolve das previstas no número 2.º anterior, con indicación da epígrafe do imposto sobre actividades económicas.

c) Que determina o rendemento neto da dita actividade consonte o método de estimación directa en calquera das súas modalidades.

d) Data e sinatura do comunicante.

e) Identificación da persoa ou entidade destinataria desta comunicación.

Cando, con posterioridade, o contribuínte volvese determinar os rendementos desta actividade consonte o método de estimación obxectiva, deberalle comunicar ao pagador tal circunstancia, xunto cos datos previstos nas letras a), b), d) e e) anteriores, antes do nacemento da obriga de reter.

En todo caso, o pagador quedará obrigado a conservar as comunicacións de datos debidamente asinadas.

4.º O incumprimento da obriga de comunicar correctamente os datos previstos no número 3.º anterior terá as consecuencias tributarias derivadas do disposto no artigo 107 da Lei do imposto.

5.º Cando a renuncia ao método de estimación obxectiva se produza na forma prevista no artigo 31.1 b) deste regulamento ou no terceiro parágrafo do artigo 33.2 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, entenderase que o contribuínte determina o rendemento neto da súa actividade económica consonte o método de estimación directa a partir da data en que se presente o correspondente pagamento fraccionado por este imposto ou a declaración-liquidación do imposto sobre o valor engadido.»

Dezasete. O artigo 94 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 94. *Importe das retencións sobre ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo.*

A retención que se practicará sobre as ganancias patrimoniais derivadas das transmisións ou reembolsos de accións e participacións de institucións de investimento colectivo será o resultado de aplicarlle á base de retención a porcentaxe do 18 por cento.»

Dezaioito. O artigo 97 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 97. *Importe das retencións sobre outras ganancias patrimoniais.*

1. A retención que se practicará sobre os premios en metálico será do 18 por cento do seu importe.

2. A retención que se practicará sobre as ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos será do 18 por cento do seu importe.»

Dezanove. O artigo 98 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 98. *Importe das retencións sobre arrendamentos e subarrendamentos de inmobles.*

A retención que se practicará sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar a porcentaxe do 18 por cento sobre todos os conceptos que se lle satisfagan ao arrendador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta porcentaxe dividirase por dous cando o inmovible urbano estea situado en Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Vinte. O artigo 99 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 99. *Importe das retencións sobre dereitos de imaxe e outras rendas.*

1. A retención que se practicará sobre os rendementos procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar o tipo de retención do 24 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.

2. A retención que se practicará sobre os rendementos dos restantes conceptos previstos no artigo 73.2.b) deste regulamento, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplicar o tipo de retención do 18 por cento sobre os ingresos íntegros satisfeitos.»

Vinte e un. O artigo 100 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 100. *Ingresos á conta sobre retribucións en especie do traballo.*

1. A contía do ingreso á conta que corresponda realizar polas retribucións satisfeitas en especie calcularase aplicándolle ao seu valor, determinado conforme as regras do artigo 43.1 da Lei do imposto e mediante a aplicación, se for o caso, do procedemento previsto na disposición adicional segunda deste regulamento, o tipo que corresponda dos previstos no artigo 78 deste regulamento.

2. Non existirá obriga de efectuar ingresos á conta respecto das contribucións satisfeitas polos promotores de plans de pensións, de plans de previsión social empresarial e de mutualidades de previsión social que reduzan a base imponible.»

Vinte e dous. O artigo 103 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 103. *Ingresos á conta sobre determinadas ganancias patrimoniais.*

1. A contía do ingreso á conta que corresponda realizar polos premios satisfeitos en especie, que constitúan ganancias patrimoniais, calcularase aplicándolle a porcentaxe prevista no artigo 97.1 deste regulamento ao resultado de incrementar nun 20 por cento o valor de adquisición ou custo para o pagador.

2. A contía do ingreso á conta que corresponda realizar polas ganancias patrimoniais satisfeitas en especie derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos, calcularase apli-

cándolle ao seu valor de mercado a porcentaxe prevista no artigo 97.2 deste regulamento.»

Vinte e tres. O artigo 105 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 105. *Ingreso á conta sobre dereitos de imaxe.*

A porcentaxe para calcular o ingreso á conta que debe practicarse no suposto recollido polo punto 8 do artigo 92 da Lei do imposto, será do 18 por cento.»

Vinte e catro. O artigo 106 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 106. *Obrigas formais do retedor e do obrigado a ingresar á conta.*

1. O suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior e ingresar o seu importe no Tesouro Público.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados nos cales concorran as circunstancias a que se refiren os números 1.º e 1.º bis do punto 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro. Como excepción, a declaración e ingreso correspondente ao mes de xullo efectuarase durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.

O disposto no parágrafo anterior resultará igualmente aplicable cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio do exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta correspondentes ás rendas a que se refiren as alíneas a) e c) do número 1 e a letra c) do número 2 do artigo 73 deste regulamento.

Non obstante o anterior, a retención e ingreso correspondente, cando a entidade pagadora do rendimento sexa a Administración do Estado e o procedemento establecido para o seu pagamento así o permita, efectuarase de forma directa.

O retedor ou obrigado a ingresar á conta presentará declaración negativa cando, a pesar de ter satisfeito rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, non procedese, por razón da súa contía, a práctica de retención ou ningún ingreso á conta. Non procederá presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen, no período de declaración, rendas sometidas a retención e ingreso á conta.

2. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá presentar nos primeiros vinte días naturais do mes de xaneiro unha declaración anual das retencións e ingresos á conta efectuados. Non obstante, no caso de que esta declaración se presente en soporte directamente lexible por ordenador ou fose xerado mediante a utilización, exclusivamente, dos correspondentes módulos de impresión desenvolvidos, para estes efectos, pola Administración tributaria, o prazo de presentación será o compren-

dido entre o 1 de xaneiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte ao do que corresponde esta declaración.

Nesta declaración, ademais dos seus datos de identificación, poderase exixir que conste unha relación nominativa dos perceptores cos seguintes datos:

- a) Nome e apelidos.
- b) Número de identificación fiscal.
- c) Renda obtida, con indicación da identificación, descrición e natureza dos conceptos, así como do exercicio en que esta renda se xerara, incluíndo as rendas non sometidas a retención ou ingreso á conta por razón da súa contía, así como as axudas de custo exceptuadas de gravame e as rendas exentas.
- d) Reducións aplicadas consonte o previsto nos artigos 18, números 2 e 3, 26.2 e disposicións transitorias décimo primeira e décimo segunda da Lei do imposto.
- e) Gastos deducibles a que se refiren os artigos 19.2 e 26.1.a) da Lei do imposto, a excepción das cotas satisfeitas a sindicatos e colexios profesionais e os de defensa xurídica, sempre que fosen deducidos polo pagador dos rendementos satisfeitos.
- f) Circunstancias persoais e familiares e importe das reducións que fosen tidas en conta polo pagador para a aplicación da porcentaxe de retención correspondente.
- g) Importe das pensións compensatorias entre cónxuxes e anualidades por alimentos que se tivesen en conta para a práctica das retencións.
- h) Retención practicada ou ingreso á conta efectuado.
- i) Cantidades reintegradas ao pagador procedentes de rendas xeradas en exercicios anteriores.

As mesmas obrigas establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento das rendas de valores.

3. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá expedir en favor do contribuínte certificación acreditativa das retencións practicadas ou dos ingresos á conta efectuados, así como dos restantes datos referentes ao contribuínte que se deben incluír na declaración anual a que se refire o punto anterior.

A citada certificación deberase pór á disposición do contribuínte con anterioridade á apertura do prazo de declaración por este imposto.

As mesmas obrigas establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento de rendas de valores.

4. Os pagadores deberanlles comunicar aos contribuíntes a retención ou ingreso á conta practicado no momento que satisfagan as rendas indicando a porcentaxe aplicada, salvo en rendementos de actividades económicas.

5. As declaracións a que se refire este artigo realizaranse nos modelos que para cada clase de renda estableza o ministro de Economía e Facenda, quen, así mesmo, poderá determinar os datos que se deben incluír nas declaracións, dos previstos no número 2 anterior, e estará obrigado o retedor ou obrigado a ingresar á conta a cubrir a totalidade dos datos así determinados e contidos nas declaracións que o afecten.

A declaración e ingreso efectuaranse na forma e lugar que determine o ministro de Economía e Facenda, quen poderá establecer os supostos e con-

dicións de presentación das declaracións por medios telemáticos e ampliar o prazo correspondente ás declaracións que se poidan presentar por esta vía, atendendo a razóns de carácter técnico, así como modificar a contía do orzamento anual e a natureza das rendas a que se refire o parágrafo terceiro do número 1 deste artigo.

6. A declaración e ingreso do pagamento á conta a que se refire o punto 3.º do artigo 74.2.d) deste regulamento efectuarase na forma, no lugar e no prazo que determine o ministro de Economía e Facenda.»

Vinte e cinco. O artigo 108 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 108. *Importe do fraccionamento.*

1. Os contribuíntes a que se refire o artigo anterior ingresarán, en cada prazo, as cantidades seguintes:

a) Polas actividades que estivesen no método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, o 20 por cento do rendemento neto correspondente ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado.

Da cantidade resultante por aplicación do disposto nesta letra deduciranse os pagamentos fraccionados ingresados polos trimestres anteriores do mesmo ano.

b) Polas actividades que estivesen no método de estimación obxectiva, o 4 por cento dos rendementos netos resultantes da aplicación do dito método en función dos datos-base do primeiro día do ano a que se refire o pagamento fraccionado ou, en caso de inicio de actividades, do día en que estas comezasen.

Non obstante, no suposto de actividades que teñan só unha persoa asalariada, a porcentaxe anterior será o 3 por cento, e no suposto de que non dispoña de persoal asalariado, esta porcentaxe será o 2 por cento.

Cando algún dos datos-base non se puidese determinar o primeiro día do ano, tomarase, para os efectos do pagamento fraccionado, o correspondente ao ano inmediato anterior. No suposto de que non se puidese determinar ningún dato-base, o pagamento fraccionado consistirá no 2 por cento do volume de vendas ou ingresos do trimestre.

c) Tratándose de actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que fose o método de determinación do rendemento neto, o 2 por cento do volume de ingresos do trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

2. As porcentaxes sinaladas no parágrafo anterior dividiranse por dous para as actividades económicas que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.

3. Da cantidade resultante por aplicación do disposto nos parágrafos anteriores deduciranse, de ser o caso:

a) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados correspondentes ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado, cando se trate de:

1.º Actividades profesionais que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

2.º Arrendamento de inmobles urbanos que constitúa actividade económica.

3.º Cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización que constitúa actividade económica e demais rendas previstas no artigo 73.2.b) deste regulamento.

b) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados conforme o disposto nos artigos 93 e 102 deste regulamento correspondentes ao trimestre, cando se trate de:

1.º Actividades económicas que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva. Non obstante, cando o importe das retencións e ingresos á conta soportados no trimestre sexa superior á cantidade resultante por aplicación do disposto na letra b) do número 1 anterior, poderase deducir esta diferenza en calquera dos seguintes pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo.

2.º Actividades agrícolas ou gandeiras.

3.º Actividades forestais.

4. Os contribuíntes poderán aplicar en cada un dos pagamentos fraccionados porcentaxes superiores ás indicadas.»

Vinte e seis. A disposición transitoria cuarta queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición transitoria cuarta. *Dividendos procedentes de sociedades transparentes e patrimoniais.*

1. Non existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas respecto dos dividendos ou participacións en beneficios que procedan de períodos impositivos durante os cales a entidade que os distribúe se atopase en réxime de transparencia fiscal, de acordo co establecido na disposición transitoria décimo quinta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

2. Non existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas respecto dos dividendos ou participacións en beneficios a que se refiren as letras a) e b) do número 1 do artigo 25 da Lei do imposto que procedan de períodos impositivos durante os cales á entidade que os distribúe lle fose de aplicación o réxime das sociedades patrimoniais, de acordo co establecido na disposición transitoria vixésimo segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa de América na cidade de Valencia.*

O número 2 do artigo 13 queda redactado do seguinte xeito:

«2. A redución prevista no punto 1.c) anterior terase en conta para a determinación da base para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 81 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, nos seguintes termos:

a) Aplicarase sobre a contía do rendemento neto do traballo resultante das minoracións previstas no artigo 81.3.a) e b) do Regulamento do imposto.

b) Terase en conta para a aplicación das reducións previstas no artigo 81.3.c) do Regulamento do imposto.»

CAPÍTULO II

Imposto sobre sociedades

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades:

Un. O artigo 58 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 58. *Rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta.*

1. Deberase practicar retención, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre sociedades correspondente ao perceptor, respecto:

a) Das rendas derivadas da participación en fondos propios de calquera tipo de entidade, da cesión a terceiros de capitais propios e das restantes rendas comprendidas no artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

b) Dos premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos.

c) Das contraprestacións obtidas como consecuencia da atribución de cargos de administrador ou conselleiro noutras sociedades.

d) Das rendas procedentes da cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización, aínda cando constituán ingresos derivados de explotacións económicas.

e) Das rendas procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, aínda cando constituán ingresos derivados de explotacións económicas.

f) Das rendas obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo.

2. Cando un mesmo contrato comprenda prestacións de servizos ou a cesión de bens inmobles, conxuntamente coa cesión de bens e dereitos dos incluídos no número 4 do artigo 25 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, deberá practicar retención sobre o importe total.

Cando un mesmo contrato comprenda o arrendamento, subarrendamento ou cesión de predios rústicos, conxuntamente con outros bens mobles, non se practicará a retención excepto se se trata do arrendamento ou cesión de negocios ou minas.

3. Deberase practicar un ingreso á conta do imposto sobre sociedades correspondente ao perceptor respecto das rendas dos puntos anteriores, cando sexan satisfeitas ou aboadas en especie.»

Dous. O parágrafo v) do artigo 59 queda redactado do seguinte xeito:

«v) As rendas obtidas polo cambio de activos en que estean investidas as provisións dos seguros

de vida nos cales o tomador asume o risco do investimento.

Para a aplicación do disposto no parágrafo anterior, as entidades de seguros deberánlles comunicar ás entidades obrigadas a practicar a retención, con motivo da transmisión ou reembolso de activos, a circunstancia de que se trata dun contrato de seguro en que o tomador asume o risco do investimento e no cal se cumpren os requisitos previstos no artigo 14.2.h) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio. A entidade obrigada a practicar a retención deberá conservar a comunicación debidamente asinada.»

Tres. O artigo 64 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 64. *Porcentaxe de retención e ingreso á conta.*

A porcentaxe de retención ou ingreso á conta será a seguinte:

a) Con carácter xeral, o 18 por cento.

Cando se trate de rendas procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos situados en Ceuta, Melilla ou as súas dependencias, obtidas por entidades domiciliadas nos ditos territorios ou que operen neles mediante establecemento ou sucursal, esta porcentaxe dividirase por dous.

b) No caso de rendas procedentes da cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización, o 24 por cento.»

Catro. O artigo 66 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 66. *Obrigas do retedor e do obrigado a ingresar á conta.*

1. O retedor e o obrigado a ingresar á conta deberán presentar nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, perante o órgano competente da Administración tributaria, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior e ingresar o seu importe no Tesouro Público.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados en que concorran as circunstancias a que se refire a epígrafe 3.1.º do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro. Por excepción, a declaración e ingreso correspondentes ao mes de xullo efectuaranse durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.

Non procederá a presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen no período da declaración rendas sometidas a retención ou ingreso á conta.

2. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá presentar nos primeiros vinte días naturais do mes de xaneiro unha declaración anual das retencións e ingresos á conta efectuados. Non obstante, no caso de que esta declaración se presente en soporte directamente lexible por ordenador ou fose xerado mediante a utilización, exclusivamente, dos correspondentes módulos de impresión desenvolvidos, para estes efectos, pola Administración tributaria, o prazo de presentación será o compren-

dido entre o 1 de xaneiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte ao do que corresponde a dita declaración.

Nesta declaración, ademais dos seus datos de identificación, poderase exixir que conste unha relación nominativa dos perceptores cos seguintes datos:

- a) Denominación da entidade.
- b) Número de identificación fiscal.
- c) Renda obtida, con indicación da identificación, descrición e natureza dos conceptos, así como do exercicio en que a dita renda se xerese.
- d) Retención practicada ou ingreso á conta efectuado.

As mesmas obrigas establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento das rendas de valores.

3. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá expedir en favor do suxeito pasivo certificación acreditativa das retencións practicadas, ou dos ingresos á conta efectuados, así como dos restantes datos referentes ao suxeito pasivo que se deben incluír na declaración anual a que se refire o punto anterior.

A citada certificación deberase pór á disposición do suxeito pasivo con anterioridade ao inicio do prazo de declaración deste imposto.

As mesmas obrigas establecidas nos parágrafos anteriores estarán suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou que sexan depositarias ou xestionen o cobramento de rendas de valores.

4. Os pagadores deberanlles comunicar aos suxeitos pasivos a retención ou ingreso á conta practicados no momento en que satisfagan as rendas, indicando a porcentaxe aplicada.

5. As declaracións a que se refire este artigo realizaranse nos modelos que para cada clase de renda estableza o ministro de Economía e Facenda, quen así mesmo poderá determinar os datos que se deben incluír nas declaracións, dos previstos no número 2 anterior, estando obrigado o retedor ou obrigado a ingresar á conta a cubrir a totalidade dos datos así determinados e contidos nas declaracións que o afecten.

A declaración e ingreso efectuaranse na forma e no lugar que determine o ministro de Economía e Facenda.

6. A declaración e ingreso do pagamento á conta a que se refire o punto 4.º do artigo 60.6 deste regulamento efectuarase na forma, no lugar e no prazo que determine el ministro de Economía e Facenda.»

CAPÍTULO III

Imposto sobre a renda de non-residentes

Artigo cuarto. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes:

Un. O punto 3 do artigo 10 queda redactado do seguinte xeito:

«3. Para os efectos do disposto no parágrafo e) do número 4 do artigo 31 da Lei do imposto, non

procederá practicar retención ou ingreso á conta respecto das seguintes rendas:

a) As ganancias patrimoniais.

Non obstante o anterior, si existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta respecto:

1.º Dos premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, estean ou non vinculados á oferta, promoción ou venda de determinados bens, produtos ou servizos.

2.º Da transmisión de bens inmobles situados en territorio español a que se refire o artigo 14 deste regulamento.

3.º Das rendas derivadas de transmisións ou reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo, excepto as procedentes de participacións nos fondos regulados polo artigo 49 do regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

b) Das rendas recollidas nos parágrafos b), salvo as obtidas a través de países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais, c), e), f) e h) do número 3 do artigo 73 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.»

Dous. O artigo 14 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 14. *Retención ou ingreso á conta na adquisición de bens inmobles.*

1. Nos supostos de transmisións de bens inmobles situados en territorio español por contribuíntes do imposto sobre a renda de non-residentes que actúen sen mediación de establecemento permanente, o adquirente estará obrigado a reter e ingresar o 3 por cento, ou a efectuar o ingreso á conta correspondente, da contraprestación acordada, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre a renda de non-residentes correspondente a aqueles.

2. O adquirente non terá a obriga de reter ou de efectuar o ingreso á conta nos seguintes casos:

a) Cando o transmitente acredite a súa suxeición ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre sociedades mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración tributaria.

b) Nos casos de achega de bens inmobles, na constitución ou aumento de capitais de sociedades residentes en territorio español.

3. O obrigado a reter ou ingresar á conta deberá presentar declaración perante a delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria en cuxo ámbito territorial se encontre situado o inmovible e ingresar o importe da retención ou ingreso á conta correspondente no Tesouro Público, no prazo dun mes a partir da data da transmisión.

4. O contribuínte non residente en territorio español deberá declarar e ingresar, de ser o caso, o imposto definitivo, compensando na cota o importe retido ou ingresado á conta polo adquirente, no prazo de tres meses contados a partir do remate do prazo establecido para o ingreso da retención.

A Administración tributaria procederá, se é o caso, logo das comprobacións que sexan necesarias, á devolución ao contribuínte do exceso retido ou ingresado á conta.

5. Se a retención ou o ingreso á conta referido anteriormente non se ingresasen, os bens transmiti-

dos quedarán afectos ao pagamento do importe que resulte menor entre esta retención ou ingreso á conta e o imposto correspondente e o rexistrador da propiedade así o fará constar mediante unha nota á marxe da inscrición respectiva, sinalando a cantidade de que responda o predio. Esta nota cancelarse, de ser o caso, por caducidade ou mediante a presentación da carta de pagamento ou certificación administrativa que acredite a non-suxeición ou a prescrición da débeda.»

Tres. O artigo 15 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 15. *Obrigas do retedor e do obrigado a ingresar á conta.*

1. O retedor ou o obrigado a ingresar á conta polo imposto sobre a renda de non-residentes deberán presentar nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, perante o órgano competente da Administración tributaria, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta efectuados que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior e ingresar o seu importe no Tesouro.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta efectuados que correspondan polo mes inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados en que concorran as circunstancias a que se refire o punto 3.1.º do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro. Por excepción, a declaración e ingreso correspondentes ao mes de xullo efectuaranse durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.

Os retedores e os obrigados a ingresar á conta presentarán declaración negativa cando satisfixesen rendas das sinaladas no número 4 do artigo 31 da Lei do imposto, salvo nos supostos en que así o estableza o ministro de Economía e Facenda.

2. O retedor e o obrigado a ingresar á conta deberán presentar nos primeiros vinte días naturais do mes de xaneiro unha declaración anual das retencións e ingresos á conta efectuados. Nesta declaración, ademais dos seus datos de identificación, deberá constar unha relación nominativa dos perceptores das rendas suxeitas ao imposto satisfeitas ou aboadas polo retedor ou obrigado a ingresar á conta, incluíndo aqueles aos cales se lles satisfixesen rendas respecto das que non se practicase retención en virtude do establecido no número 4 do artigo 31 da Lei do imposto. A relación de perceptores deberá conter os datos que determine o ministro de Economía e Facenda.

Non obstante, no caso de que esta declaración se presente en soporte directamente lexible por ordenador ou se xerese mediante a utilización, exclusivamente, dos correspondentes módulos de impresión desenvolvidos, para estes efectos, pola Administración tributaria, o prazo de presentación será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte a que corresponde esta declaración.

As mesmas obrigas establecidas nos parágrafos anteriores están suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta ou que sexan depositarias ou xestio-nen o cobramento das rendas de valores.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores desta epígrafe, o ministro de Economía e Facenda, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, poderá ampliar o prazo correspondente

ás declaracións que poidan presentarse por vía telemática.

3. O retedor ou obrigado a ingresar á conta deberá expedir en favor do contribuínte certificación acreditativa das retencións practicadas, ou dos ingresos á conta efectuados, así como dos restantes datos referentes ao contribuínte que se deban incluír na declaración anual a que se refire o punto anterior.

As mesmas obrigas establecidas no parágrafo anterior están suxeitas as entidades domiciliadas, residentes ou representadas en España, que paguen por conta allea rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta ou que sexan depositarias ou xestio-nen o cobramento das rendas de valores.

4. Os pagadores deberán comunicar aos contribuíntes a retención ou o ingreso á conta practicados no momento en que satisfagan as rendas, indicando a porcentaxe aplicada.»

Disposición transitoria primeira. *Prazo de publicación da orde de aprobación do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e do réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido para 2007.*

A orde ministerial pola cal se regulan para o ano 2007 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» no prazo dos quince días seguintes á entrada en vigor do real decreto que aprobe o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición transitoria segunda. *Renuncia e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, ao réxime especial simplificado e ao da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido para 2007.*

A renuncia ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especial simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido para o ano 2007, así como a súa revogación, poderase efectuar no mes seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da orde ministerial que regule para 2007 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Disposición transitoria terceira. *Retención aplicable a determinadas actividades económicas ás cales lles resulta de aplicación o método de estimación obxectiva.*

Non procederá a práctica da retención prevista no número 6 do artigo 93 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas ata que non finalice o prazo sinalado na disposición transitoria segunda deste real decreto.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2007.

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA